

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 28 de outubro de 2011

Asistentes:

Allegue Agüete, Pilar
Martínez Yáñez, Nora
Muleiro Parada, Luis Miguel
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar
Valcárcel Fernández, Patricia

Barahona Martín, Magdalena
Bouso Cedrón, Pedro
Bravo Bosch, María José
Cabeza Pereiro, Jaime
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, M^a Belén
García Gestoso, M^a Noemi
González Martínez José Manuel
Grande Seara, Pablo
Ibáñez Paz, Regina
Lorenzo Merino, Fernando
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel Manuel
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar

Barreiro Carril, M^a Cruz
Estévez Abeleira, Teresa

Bahillo Pérez, David
Estévez Fernández, Carina
Fernández Vila, Rodrigo
Guerrero Saco, Alejandro
Núñez Martínez, Lucía

Iglesias Prado, Elena
López Prieto, M^a Nieves
Rivas Suanzes, M^a Fernanda
Zas Varela, Mónica

Iníciase a reunión no Salón de Graos da Facultade sendo as 10.30 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 10 de outubro de 2011).
2. Informes da Decana.
3. Aprobación, se procede, de acordo para practicar as convocatorias das reunións dos órganos colexiados do centro por correo electrónico.
4. Aprobación, se procede, dalgunhas modificacións técnicas plantexadas pola Área de Calidade aos informes de seguimento das titulacións do centro, e adopción dunha posición da Xunta fronte a outras observacións.
5. Substitución, se procede, dun representante de PDI non permanente na Comisión Permanente.
6. Modificación, se procede, da representación de alumnos en Comisións.
7. Rogos e preguntas.

A Decana desculpa a ausencia á reunión dos seguintes membros da Xunta: Esther González Pillado, Helena Martínez Hens, Marta García Mosquera, José Luis Rubianes Ferro, Teresa Mourín, Isaac Araujo, Anxo Tato, Henrique Macías e Rafael Fernández Acevedo

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 10 de outubro de 2011)

Apróbase a acta por asentimento

1. Informes da Decana

A Decana se lamenta de haber tido que convocar esta reunión tan próxima á última Xunta, pero explica que considerou que as observacións feitas pola Área de Calidade aos informes de seguimento das titulacións do centro o requería.

Informa dos seguintes puntos:

- a) Están en marcha os traballos das diversas subcomisións creadas para elaborar o programa do Master de acceso á profesión de avogado.
- b) Os alumnos presentaron un escrito pedindo que se recordara que o ano pasado xa se acordara nesta Xunta que os profesores deixarían uns minutos de tolerancia ou cortesía entre clase e clase (5 ao comezo e 5 ao final de cada clase).
- c) Informa das diversas obras que se están facendo no centro, do que tamén se deu conta na Comisión Permanente.
- d) Anuncia que a adopción de certas medidas de racionalización da calefacción e das luces arroxa un aforro que previsiblemente a final de ano será de uns 9.000 euros. Anuncia que este diñeiro destinarase á compra de material bibliográfico. Aínda que a Administradora de Centro entende que non se pode adicar este diñeiro a tal cometido, desde a Viceritoría parece que sí que consideran que se pode entender que se trata de material docente. Se finalmente permiten destinar a compra de libros estes cartos, a idea é facer un reparto por área en función do peso específico de cada unha e tendo en conta as dificultades endémicas dalgunhas delas para compra de libros, polo que se intentará que saian máis beneficiadas na distribución. Conmina a que se vaian facendo listas de libros que se queiran comprar evitando incluír Manuais, que se poden comprar por outra vía
- e) A Decana presenta como novo membro do equipo decanal ao Profesor Luis Muleiro Parada que levara os temas referiros aos estudos de Posgrao.

2. Aprobación, se procede, de acordo para practicar as convocatorias das reunións dos órganos colexiados do centro por correo electrónico.

Apróbase por asentimento practicar as convocatorias das reunións dos órganos colexiados do centro unicamente por correo electrónico.

3. Aprobación, se procede, dalgunhas modificacións técnicas plantexadas pola Área de Calidade aos informes de seguimento das titulacións do centro, e adopción dunha posición da Xunta fronte a outras observacións

A Decana cédelle a palabra á Vicedecana Mar Rodríguez quen explica o contido das observacións feitas dende a Área de Calidade, logo do cal, acórdase por asentimento aprobar a realización das modificacións técnicas plantexadas pola Área de Calidade aos informes de seguimento das titulacións do centro.

Por outra banda, a Decana explica que a elaboración dos informes comportou moito traballo polos coordinadores das distintas titulacións, e que certos comentarios aos informes non parecen ter en conta que cada unha das observacións que se fan, e que ás veces son de relevancia menor, implican un incremento considerable deste traballo. Por tal motivo, propón que se adopte o seguinte acordo para remitir a Área de calidade: “que as recomendacións que fagan as remitan sempre antes da elaboración dos informes de seguimento, non despois”.

Apróbase por asentimento dito acordo.

4. Substitución, se procede, dun representante de PDI non permanente na Comisión Permanente

A Decana explica que a profesora Teresa Mourín pediu ser substituída na Comisión Permanente pois as súas obrigas de traballo impídenlle asistir a moitas das reunións, por tal motivo propón substituíla por Teresa Estévez, coa que xa falou a Decana quen aceptou integrar a Comisión, polo que quere agradecerlle a súa dispoñibilidade.

Apróbase por asentimento substituír como membro da Comisión Permanente a D^a Teresa Mourín, por Teresa Estévez.

5. Modificación, se procede, da representación de alumnos en Comisións

Debido a que varios alumnos membros das diversas Comisións do Centro están de Erasmus os alumnos presentaron unha proposta para que sexan substituídos por outros. É a seguinte:

-Comisión de Calidade: se substitúa a Beatriz Fernández Ignacio por Alejandro Tizón.

-Comisión de Relacións Internacionais: se substitúa a Alicia González Estévez por Isaac Borja Araujo Figueroa.

Apróbase a proposta por asentimento.

A Decana explica que haberá que ver consonte a lista de resultados das eleccións a membros electos da Xunta de Facultade quen substitúe ao xa egresado Gabriel Beiro, quen deixa de ser alumno da Universidade.

6. Rogos e preguntas

Pide a palabra a Profesora Carmen Ruiz quen quere reitarar as queixas que xa fixo outras veces acerca do pouco civismo que a xente demostra ao aparcar, pois as veces se ocupa máis espazo do sinalado impedindo con elo que outros compañeiros aparquen.

Debátese o tema. A Decana recorda que xa o ano pasado pediuse á Reitoría que se delimitasen ben os aparcamentos. Reiterará esta petición e anuncia que se a Xunta o considera adecuado traerá como punto a tratar á vindeira reunión que se solicite a reserva de espazo para traballadores da Facultade, o que é acollido favorablemente.

A Profesora Magdalena Barahona pide a palabra para solicitar que se mellore o acceso pola porta principal do Centro, pois existe un canal de auga bastante profundo que pode ser perigoso, ademáis de pouco estético. A Decana explica que xa está tratado coa unidade técnica o tema da mellora do acceso ao centro, e parece que non haberá problemas para afrontar as obras.

D^a Elena Iglesias Prado plantexa se é posible pedir que se coloque un paso de cebra no cruce que está no acceso de diante da Facultade. Acórdase por asentimento transmitir esta solicitude á Reitoría.

Pide a palabra a profesora Noemi García Gestoso para solocitar que tamén se arranxe o gran charco que se forma, logos do desnível que hai que superar, no acceso polo lateral da Facultade. A Decana anuncia que o comentará tamén coa unidade técnica.

Non habendo máis rogos e preguntas, levántase a sesión sendo as 11.30 horas, do que dou fe como Secretaria.